



CONCELLO DE REDONDELA

INFORMACIÓN FEIRA ARTESANÍA DO CHOCO- 2018

1.- Destinatarias/os

Persoas físicas ou xurídicas que desenvolvan a actividade de venda de:

- Obxectos realizados de xeito artesanal.
- Obxectos de uso doméstico aos que lle impriman un selo persoal.

2.- Celebración.-

Os días 11, 12 e 13 de maio de 2018. Os horarios serán o venres e sábado de 10:00 a 22:00 horas, e o domingo de 10:00 a 21:00 horas.

3.- Localización

Beirarrúa da rúa Ribeira (lateral alameda de Redondela)

4.- Número de autorizacións e postos.-

Haberá un total de 30 postos, que serán facilitados e montados polo persoal do Concello.

5.- Solicitudes, forma e prazo.-

As persoas interesadas en participar deberán presentar o modelo normalizado de solicitude que se adxunta no Anexo I, e que deberán entregar nos Rexistros habilitados do Concello de Redondela no prazo que vai do 16 ao 27 de abril de 2018 (ámbolos dous inclusive).

6.- Requisitos da solicitude.-

As solicitudes deberán estar debidamente cumprimentadas, acompañadas cos documentos que nela se indican:

- **Documentación que achega:**
- Fotocopia do DNI/NIF/NIE ou outro documento válido acreditativo da identidade.
- Certificado- informe de titularidade de conta bancaria (IBAN) para os efectos da devolución da fianza, no seu caso.



CONCELLO DE REDONDELA

O pagamento da taxa de (31,50 euros) e da fianza (15 euros) será aboado polas persoas que resulten **adxudicatarias** no prazo dunha semana dende a data na que se faga pública a resolución da adxudicación dos postos a través da publicación na páxina web (www.redondela.es) e no taboleiro de anuncios do Concello de Redondela.

O ingreso realizarase nas seguintes contas de titularidade do Concello na entidade Abanca e polos seguintes conceptos:

1. Taxa de ocupación da vía pública: 31,50 € deberá ser ingresada na conta ES52 2080 5209 4331 1000 1323.
2. Fianza: 15,00 €, deberá ser ingresada na conta ES57 2080 5209 41 31 1000 1331.

7.- Adxudicación dos postos.-

O Concello de Redondela facilitará as paradas (postos), adxudicándoos a través de autorizacións da Alcaldía que se outorgarán de acordo ao criterio de:

- Rigurosa orde da data e hora de entrada da solicitude no Rexistro Xeral do Concello de Redondela, quedan excluídos da venda os produtos alimenticios.

8.- Das/os adxudicatarias/os de postos.-

O Concello de Redondela identificará mediante etiquetas cada posto co nome da persoa que figura na instancia da solicitude.

Asemade enviará a cada unha das persoas titulares unha autorización para que a poidan exhibir na parada (posto) durante a celebración da Feira.

(Documento datado e asinado electronicamente na marxe)